



SI HAI DESPEDIMENTOS, HAI CONFLITO.

O 16 de abril mobilizámonos ante a oficina de San Roque en Lugo, oficina na que estaban destinadas 2 das 8 persoas das que non tiñan destino notificado e as que a empresa indicou que pensaba despedir. Foi unha mobilización tensa e dura, como advertimos dende o primeiro momento si hai despedimentos haberá conflito.

Co **ERE IV a Dirección pode facer o que lle peta e pode despedir cando queiran, onde queiran e a quen queiran.** A nivel galego a empresa quere executar un número indeterminado de despedimentos, o que está en xogo é cando iniciaran o proceso.

É o momento de pasar o “Rubicón”? A lóxica di que hai un conflito externo que está tendo un impacto no negocio superior ao que (erroneamente) estimaron; **hai prazas para recolocar ao persoal e incluso contratos temporais en vigor nalgúns zonas onde pretendían despedir;** hai 2 impugnacións do ERE ante a Audiencia Nacional; hai unha inseguridade xurídica evidente. Pero ollo, temos claro que si queren poden despedir.

Os despedimentos a nivel galego semellan aprazados, e estamos á espera da solución definitiva para estas 8 persoas a cal parece non está decidida aínda.

En todo caso **fora de Galiza hai despedimentos e non pasa absolutamente nada.** A diferenza é que **aquí hai sindicatos con representación nos Comités de Empresa dispostos a ir a un conflito e no que os traballadores e traballadoras poden apoiarse,** tamén para presentar demandas individuais si fose preciso.

Alérganos que outros sindicatos lle digan ao Presidente da Entidade que están dispostos a actuar xudicialmente e a mobilizarse contra os despedimentos. Pero nos xa o fixemos